

OBXECTIVOS

A Fundación Carlos Casares, coa Vicerreitoría de Planificación e Desenvolvemento do Campus de Ourense e a colaboración do Consorcio Audiovisual de Galicia, o Concello de Celanova, ademais doutras institucións, promove o Curso de Verán de Extensión Universitaria *O audiovisual e as industrias culturais*, unha nova achega na liña temática comezada hai seis anos cos cursos *Cine e literatura. Casares e o cine* (2004), *Ficción televisiva* (2005), *Documental. Imaxinar a realidade* (2006), *Novos formatos, novas pantallas* (2007) e *Os sons e as imaxes da información. Radio, televisión, internet* (2008), que reuniron no berce de Manuel Curros Enríquez a cualificados especialistas e profesionais de cada sector para disertar arredor das diferentes disciplinas.

Na presente edición preténdese reflexionar e debater arredor do audiovisual e a súa relación coa industria e mais coa cultura, dous territorios cos que necesita convivir pero que, ao mesmo tempo, lle demandan necesidades diferentes, as mesmas que bambean entre o negocio e a creación, entre a rendibilidade económica e a expresión artística. Ao tempo que se ofrezca unha visión xeral tamén se busca a particular desde o audiovisual e as industrias culturais de Galicia. Sen esquecer finalmente a compoñente de formación e difusión esixida a un marco universitario como o do propio curso.

Simultaneamente, primando a compoñente lúdica co pulso actual do audiovisual galego, e coa colaboración dos seus respectivos autores, haberá ocasión de ver dous filmes de produción recente, recoñecidos con sendos premios Mestre Mateo 2009: a longametraxe documental *Flores tristes*, de Teo Manuel Abad, e a de ficción de Ángel de la Cruz, *Os mortos van á présa*.



PAZO DE INSCRICIÓN

Dende o 28 de maio ata o 8 de xullo

DURACIÓN

30 horas

VALIDACIÓN

2 créditos

NÚMERO DE PRAZAS

100

COTA DE INSCRICIÓN

Alumnos da Universidade de Vigo bolseiros do Ministerio de Ciencia e Innovación: 30 €
Alumnos non bolseiros, persoal docente e PAS da Universidade de Vigo: 45 €
Cidadáns censados no Concello de Celanova: 45 €
Amigos da Fundación Carlos Casares: 45 €
Resto de solicitantes: 60 €

A cátedra Carlos Casares ofrece unha bolsa de 15 € a deducir de cada inscrición


DESPRAZAMENTO GRATUÍTO

Sairá un autobús dende diante do Edificio Politécnico do Campus de Ourense, ás 8:30 horas o primeiro día, e ás 9:15 horas os seguintes.

ALOXAMENTO GRATUÍTO

O Concello de Celanova ofrece aloxamento gratuito aos matriculados no Albergue Municipal. Os interesados deberán contactar co albergue (988.432.201) e reservar as noites que desexan (durante a víspera do comezo do curso e ata a noite do 9 de xullo). No momento da primeira ocupación do cuarto deberase acreditar documentalmente a matrícula no curso.

Patrocinan



Colabora



O AUDIOVISUAL E AS INDUSTRIAS CULTURAIS

CURSO DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA N.º. 2009557

DIRECTOR

Miguel Anxo Fernández

DATAS

8, 9 e 10 de xullo de 2009

LUGAR

Mosteiro de San Rosendo
Celanova (Ourense)



P R O G R A M A

MÉRCORES, 8 de xullo

09.00 h. Acreditación e recollida de documentación

09.30 h. Saúdo e presentación do director do curso
Miguel Anxo Fernández *Crítico de cinema e televisión e profesor asociado de Comunicación Audiovisual na Universidade de Vigo*

10.00 h. **DO CINE AO AUDIOVISUAL. EVOLUCIÓN HISTÓRICA**
Ana Amorós *Profesora titular de Comunicación Audiovisual na Universidade de Vigo*

11.00 h. **A PRENSA EN GALICIA. RETOS DE FUTURO**
Xosé López García *Catedrático de Xornalismo na Universidade de Santiago de Compostela*

12.00 h. Descanso

12.30 h. Acto oficial de inauguración coa presenza de representantes das institucións organizadoras e patrocinadoras

13.00 h. **ESTRATEGIAS EDITORIAIS ANTE AS INDUSTRIAS CULTURAIS**
Alfonso García Sanmartín *Presidente da Asociación Galega de Escritores*
Manuel Bragado *Director de Edicións Xerais*
Xosé Enrique Acuña *Director Literario de Edicións A Nosa Terra*
Modera: **Gustavo Adolfo Garrido** *Director da Fundación Carlos Casares*

14.15 h. Descanso para xantar

16.30 h. **PUBLICIDADE AUDIOVISUAL E INDUSTRIAS CULTURAIS. ESTADO DA CUESTIÓN EN GALICIA**
Mónica Valderrama *Profesora titular de Publicidade na Universidade de Vigo*

17.30 h. **INDUSTRIAS CULTURAIS. O PAPEL DOS ACTORES**
Pedro Alonso *Actor da serie "Padre Casares"*
Luis Iglesias *Actor da serie "Os Matalobos"*
Modera: **Comba Campoy** *Profesora convidada de Comunicación Audiovisual na Universidade de Vigo*

18.45 h. **INDUSTRIAS CULTURAIS E POLÍTICAS INSTITUCIONAIS EN CATALUNYA E GALICIA**
Xavier Marcé *Director do Instituto Catalán das Industrias Culturais (ICIC)*
Ignacio Varela *Profesor asociado de Comunicación Audiovisual na Universidade de Vigo*

21.45 h. Proxección: Longametraxe. Documental de creación
FLORES TRISTES (Galicia, 2008. Director: Teo Manuel Abad. 98 min). Presentado polo director
Lugar: Claustro do mosteiro (entrada aberta e gratuíta)

XOVES, 9 de xullo

10.00 h. **PRODUCCIÓN DE CONTIDOS AUDIOVISUAIS E MULTIMEDIA EN GALICIA**
Beatriz Legerén *Profesora asociada de Comunicación Audiovisual na Universidade de Vigo*

11.00 h. **CARA A UNHA NOVA INDUSTRIA EDUCATIVA**
Luis Cacho *Presidente e cofundador de arsys.es e educaline.com*

12.00 h. **PROGRAMACIÓN DA TV DIXITAL: INNOVACIÓN EN CONTIDOS, FORMATOS E TÉCNICAS DE PROGRAMACIÓN NA TDT**
Emili Prado Picó *Catedrático de Comunicación Audiovisual na Universidade Autónoma de Barcelona*

13.00 h. **ESTREAR CINE EN GALICIA EN 2008: VANTAXES E INCONVENIENTES**
Ángel de la Cruz *Director de "Os mortos van á présa"*
Ignacio Vilar *Director de "Pradolongo"*

14.15 h. Descanso para xantar

16.30 h. **A TDT E OS SEUS NOVOS CONTIDOS**
Eladio Gutiérrez Montes *Director de RTVE Dixital e presidente de Impulsa TDT*

17.30 h. **A BANDA DESEÑADA, ¿INDUSTRIA CULTURAL EN GALICIA?**
Kiko da Silva *Debuxante*
David Rubín *Debuxante e director de cinema*
Modera: **Miguel Anxo Fernández**

18.45 h. **A FICCIÓN AUDIOVISUAL GALEGA NO CONTEXTO DAS INDUSTRIAS CULTURAIS**
Antón Reixa *Director de Filmanova*
Carlos Carballo *Director de Voz Audiovisual*
Ramón Domínguez *Director xeral de CTV*
Modera: **Miguel Anxo Fernández**

20.00 h. **A EXPERIENCIA "BIBLOS" COMO DIFUSORA CULTURAL**
Tucho Calvo *Director editorial de Biblos Clube de Lectores*

21.45 h. Proxección: Longametraxe.
OS MORTOS VAN Á PRÉSA (Galicia, 2008. Director: Ángel de la Cruz. 104 min). Presentado polo director
Lugar: Claustro do mosteiro (entrada aberta e gratuíta)

VENRES, 10 de xullo

10.00 h. **RECURSOS AUDIOVISUAIS E INTERACTIVOS NO EIDO EXPOSITIVO**
Gustavo Adolfo Garrido *Director da Fundación Carlos Casares*

11.00 h. Descanso

11.30 h. **MÚSICA E AUDIOVISUAL EN GALICIA**
Arturo Kress *Músico*
Nani García *Músico*
Piti Sanz *Músico*
Modera: **Miguel Anxo Fernández**

13.00 h. **AS INDUSTRIAS CULTURAIS NA ERA DIXITAL**
Enrique Bustamante Rodríguez *Catedrático de Comunicación Audiovisual e Publicidade da Universidade Complutense de Madrid*

14.00 h. Descanso para xantar

16.30 h. **CREAR FICCIÓN NA TELEVISIÓN. INDUSTRIAS CULTURAIS E NOVOS CONTIDOS**
Carlos Montero *Creador da serie "Física o Química"*
Carlos Portela *Director de desenvolvemento de Voz Audiovisual*

17.45 h. **¿UN IMAXINARIO GALEGO PARA AS INDUSTRIAS CULTURAIS?**
Victor F. Freixanes *Director Xeral de Galaxia e Merlín Comunicación. Profesor da Facultade de Ciencias da Comunicación (Universidade de Vigo)*

18.45 h. Descanso

19.00 h. Acto de clausura e entrega de certificados

20.00 h. Peche do curso

EXPOSICIÓN

PROXECCIONS EN MONITORES
CORREDOR DA ZONA DE AULAS
(CURTAS 09 e DOCS 09 do Consorcio Audiovisual de Galicia)

CURSO DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA Nº. 2009557: "O AUDIOVISUAL E AS INDUSTRIAS CULTURAIS"

Nome..... Apellidos.....

D.N.I./pasaporte.....Enderezo.....

Código Postal.....Provincia.....

Teléfono.....E-mail.....

Centro de estudos/Profesión.....

¿Vai utilizar o transporte gratuito?.....

INGRESO DA MATRÍCULA:

En calquera oficina de Caixanova, na conta "Outros ingresos" da Universidade de Vigo, indicando o código do curso (**2009557**), ou mediante transferencia bancaria ao número de conta **2080 0000 74 0040225994**, con indicación do código do curso.

FORMALIZACIÓN DA MATRÍCULA:

- Cubrir esta ficha e entregala xunto co xustificante de pagamento e unha copia do DNI nun rexistro da Universidade de Vigo.
- Achegar, segundo o caso, copia dos xustificantes da condición de membro da comunidade universitaria da Universidade de Vigo, certificación de empadramento no Concello de Celanova, credencial de bolseiro do MECD (só alumnos da Universidade de Vigo) ou certificación da pertenza aos Amigos da Fundación Carlos Casares.
- Información : Vicerreitoría do Campus de Ourense
- Teléfono 988 387300/13 - Fax: 988 387311 - E-mail: vicou@uvigo.es / Web: www.vicou.uvigo.es

PARA O CASO DE DEVOLUCIÓN DAS TAXAS POR CANCELACIÓN DO CURSO

Número de conta:
Entidade bancaria.....oficina.....DC.....N°C/C.....
Pódese solicitar a devolución das taxas polas seguintes causas: cancelación do curso ou modificación das datas, horario ou lugar; por completarse o número de prazas; por comezo de relación laboral (achegarase copia do contrato); por maternidade ou enfermidade (achegarase certificación médica); por aboamento dunha cantidade superior ao prezo do curso (devolverase a diferenza).
As devolucións deberán ser solicitadas nun prazo de 15 días dende a data do inicio do curso.

BOLSA CÁTEDRA CARLOS CASARES:

A partir do 27 de xullo a xente que solicite a bolsa deberá remitir fotocopia do DNI, fotocopia do ingreso da matrícula e número de conta a: Rúa Elduayen 36-2º (36202-Vigo) ou a fundacioncarloscasares@fundacioncarloscasares.org